

TOPONIMIA:12-13

- 1-ACoruña:** probablemente deriva de “CLUNIA”, nome de lugar. Recentes estudos sosteñen que a orixe última é o latín “colonia”.
- 2-Estrada:** de viam “STRATAM”, en alusión ós diferentes estratos de materiais con que os soldados construían as vías. En inglés street. Topónimo viario.
- 3-Acibeiro:** Lugar onde hai acivro, da forma vulgar *acifolum, dun clásico AQUIFOLIUM. Fitotopónimo (nome de planta).
- 4-Armenteira:** de “ARMENTARIAM” e este de “ARMENTUM”, rabaño de gando maior. Zootopónimo.
- 5-Astorga:** de “ASTURICA AUGUSTA”. Astúrica deriva de asturicense, terra dos ástures. Etnómico. (nome dun pobo)
- 6-Bembibre:** de BENE VIVERE: Lugar bo para vivir.
- 7-Bierzo:** de “BERGIDUM”, palabra que contén a raíz xermánica berg-, “montaña”.
- 8-Bonaval:** de “BONAM VALLEM”, bo val.
- 9-Braga:** de “BRACARA” topónimo procedente dos brácaros, xentes que habitaban o convento bracarense, e que fai alusión as bragas ou calzas que vestían. Despois foi chamada “Bracara Augusta”.
- 10-Caldelas:** deriva de “AQUAS CALIDAS” e do seu diminutivo “calidellas”, todos relacionados con augas quentes, termas. Hidrotopónimo.
- 11-Cartagena:** A cidade cartaxinesa QUART-HADAST: cidade nova, refundada en latín CARTAGO NOVA: nova Cartago, arabizada en QARTAGINA, da que deriva a actual Cartaxena. “Carthago nova” nova cartago, refundación dunha cidade cartaxinesa.
- 12-Castrelo:** Forma híbrida de “CASTELLUM e CASTRUM”. Un castro é unha cidade alta e fortificada.
- 13-Cebreiro:** Lugar habitado por burros bravos: (e)quos feros→*(e)ciferum +sufixo -EIRO. Zootopónimo.
- 14-Celanova:** de CELLA (cuarto pequeno, almacén ou santuario)+NOVA:
- 15-Cimadevila:** de cima+de+vila, “CYMA”, lugar situado na parte de arriba da vila.
- 16-Compostela:** é o topónimo galego máis discutido. Dende sempre a interpretación máis popular foi: “CAPUS STELLAE, campo da estrela. Máis correctas son: “COMPOSITUM TELLUS”, terra composta ou fermosa. “COMPOSITUM”: enterrado.
- 17-Córdoba:** do latino CORDUBA, posiblemente dunha anterior fenicia KARTA-TUBA, literalmente vila grande.
- 18-Couto:** procede de “CAUTUM”, lugar que se cercaba para poder defendelo mellor.
- 19-Chantada:** “PLANTATAM”, o topónimo baséase na destrución da vila polos normandos e a seguinte reedificación, de aí “plantata” sería cidade reedificada.
- 20-Donostia:** de DOMINUS SEBASTIANUS: Done Sebastian→Done(b)astian→Donastia→Donostia. Señor ou San Sebastián.
- 21-Feáns:** Lugar onde abonda o feo (herba segada e seca)de FENUM. Fitotopónimo.
- 22-Filgueira:** de “FILICARIAM”, derivado de “FILICEM”, fento ou feito. Fitotopónimo.
- 23-Fisterra:** de “FINIS TERRAE” o fin da terra.

- 24- Fondevila:** Topónimo composto de FON(DO)+DE+VILA, de FUNDUS, a parte baixa dunha vila.
- 25-Fonsagrada:** de “FONTEM SACRATAM”, fonte sagrada, á que se lle atribuían propiedades curativas. Fon(te)+sagrada. Hidrotopónimo.
- 26-Fontefría:** FONTEM FRIGIDAM: fonte de auga fría, hidrotopónimo.
- 27-Fontoira:** de “FONTEM AUREAM”, fonte de ouro, seguramente pola calidade da súa auga.hidrotopónimo.
- 28-Foz:** do latín vulgar “FOCEM”, que en latín literario era “FAUCEM”, gorxa,paso estreito, fauces. Lugar por onde un río desemboca no mar, tamén é un paso estreito entre montañas.
- 29-Frades:** de “FRATRES”, irmás, seguramente monxes, frades duna congregación relixiosa.
- 30-Labacolla:** LAVA-COLEA: (lava os testículos), nese pobo había un río onde os peregrinos se purificaban antes de entra en Compostela. É un imperativo e un Ac. Pl.
- 31-León :** LEGIONEM, lexión, esta cidade ten como orixe un campamento militar onde había unha lexión.
- 32-Louredo:** LAURETUM: lugar onde hai onde hai loureiro. (LAURUS: loureiro, árbore).fitotopónimo.
- 33-Lugo:** LUCUS AUGUSTI: o bosque sagrado de Augusto (fundador en xent.).
- 34-Maceda:** de MATTIANETA (lat.vul. MATTIANA: maceira) lugar onde abundan as maceiras ,(cfr. español Manzaneda). Fitotopónimo.
- 35- Mérida:** EMERITA (AUGUSTA), cidade fundada para soldados licenciados tras as campañas hispana; recibían o título de emeriti (licenciados).
- 36- Milladoiro:** HUMILIATORIUM: lugar onde os peregrinos ó ver Compostela axeonllábanse para dar gracias a deus; ou de AD-MILIATORIUM: lugar onde os peregrinos botaban unha pedra que traían consigo, formando unha morea de pedras (ou milladoiro).
- 37- Mondoñedo:** de latín medieval MINDUNIETUM (o topónimo actual procede de San Martín de Mondoñedo, onde tiñan a sede os bispos mindonienses ou dumienses, que eran unha especie de extensión dos de Dumio, preto de Braga).
- 38-Monforte:** de MONTEM FORTEM: monte fortificado.
- 39- Oleiros:** de OLA: ola, lugar onde hai fabricantes de olas de barro, oleiros.
- 40- Ortigueira:** URTICARIAM: lugar onde hai ortigas. Fitotopónimo con sentido abundancial.
- 41-Orxal:** de HORDEALEM: abundancia de HORDEUM, cebada,orxo, lugar plantado de orxo. Fitotopónimo.
- 42-Oseira:** URSUS: oso, lat. vulg.: ossum: lugar onde hai osos. Zootopónimo con sentido abundancial.
- 43-Ourantes:** AUR+ sufixo –ANTES: lugar que produce ouro.¿?
- 44- Ourense:** AURIENSE: toónimo que fai relación a unha explotación de ouro.(AURUM)
- 45-Outeiro:** ALTARIUM, parte alta do terreo, elevación do terreo.
- 46- Padrón:** de PETRA, (deriva de PETRONEM) a pedra onde se amarrou a barco do apóstolo Santiago.
- 47-Pedrafita:** PETRA+FICTA: (pedra cravada) miliario ou monumento megalítico, consistente nunha gran pedra colocada verticalmente. Utilizouse como divisoria de concellos.
- 48-Peñalba:** PINNA+ALBA: rocha que sobresa e o adxectivo branco: pena de cor branca.

- 49-Pereira:** de PIRUM: pera, lugar onde hai pereiras. Pereira pode vir tamén de PETRARIA (pedra).
- 50-Poio:** PODIUM: altura, montículo, fai referencia a un lugar elevado con boas vistas.
- 51-Pombal:** PALUMBALEM: lugar construído polo home onde viven as pombas.
- 52-Ponferrada:** PONTEM FERRATAM: ponte de ferro, na que se utilizaron materiais de ferro, non é que toda ela fora de ferro.
- 53- Ponteceso:** PONTEM CAESUM: ponte caída, ponte rota.
- 54- Pontevedra:** PONTEM VETERAM: ponte vella, ou ponte do río Vedra, que se lle daba ó río Lérez, este pobo era chamado AD DUOS PONTES.
- 55-Portomarín:** Portus Marini: porto ou paso sobre o Miño controlado por un tal Marinus (Xenitivo)
- 56-Ribadavia:**Riba+d(e)+Avia, RIPAM: beira, beira dun río ou do mar: beira do río Avia.
- 57- Ribeira:** RIPARIAM: costa, beira do mar.
- 58- Salamanca:** En latín SALMANTICA: da raíz *sal- lugar de auga brava, fai referencia a presenza dun río (o Tormes). ¿?
- 59-Santiago:** SANTI IACOBI: de San Xacobo. (xenit. Dependente de igrexa de ...). Haxiotopónimo.
- 60-Sanxenxo:** SANCTUM GINESIUM: San Xines. Haxiotopónimo: nome dun santo-a.
- 61- Seixo:** de SAXUM, de pedra.
- 62-Sobrado:**(AEDIFICIUM) SUPERATUM: edificio cunha parte alta, que sobresa. Terra que sobresa.
- 63-Tarragona:** do latín TARRACONEM, posiblemente dun termo prerromano probablemente ibero
- 64-Touro:** TAURUM, touro.
- 65-Triacastela:** TRIA CASTELLA: tres castros, rematan en –A porque é neutro plural.
- 66- Veiga:** do ibero VAI- río e o sufixo –KA- rexión do río, é un terreo a beira dun río. En vasco (i)bai: río.
- 67- Vigo:** VICUM, aldea, grupo de casas ou propiedade rural.
- 68-Vilaboa:** VILLAM BONAM: vila boa, casa de campo boa.
- 69-Vilachá:** VILLAM PLANAM, vila situada nun lugar plano.
- 70-Vilagarcía:** Composto de VILLAM (explotación agropecuaria) e o seu posuidor García.
- 71-Vilalba:** VILLAM ALBAM: vila branca.
- 72-Vilameá:** VILLAM MEDIANAM: vila situada a media altura do monte.
- 73- Xestoso:** GENISTOSUM, lugar onde abundan as xestas ou GENISTA
- 74-Xunqueira:** IUNCARIAM, lugar onde abundan os xuncos ou IUNCUS.
- 75-Zaragoza:** de CAESAR AUGUSTA, cidade adicada a César Augusto, que en árabe foi SARA KUSTA, de aí Zaragoza.